


Programación Xeral Anual

PXA

CEIP PLURILINGÜE PENA DE FRANCIA



2023/2024

ÍNDICE

1. DATOS DO CENTRO	1
2. OBOXECTIVOS ESPECÍFICOS DO CENTRO PARA O CURSO ACADÉMICO. MEDIDAS A DESENVOLVER E RECURSOS PREVISTOS	1
3. CONCRECIÓN ANUAL DO PE E MODIFICACIÓNS.....	3
4. ESTRATEXIAS METODOLÓXICAS E ORGANIZATIVAS DE ACNEAE.....	3
5. CADRO DE ORGANIZACIÓN PEDAGÓXICA.....	4
6. PLAN DE ACTUACIÓN DOS ÓRGANOS COLEXIADOS E DO EQUIPO DIRECTIVO.....	6
7. XORNADA ESCOLAR E HORARIO DO CENTRO	7
8. QUENDAS DE PROFESORADO ENCARGADO DA VIXIANCIA DO RECREO, ENTRADAS E SAÍDAS	9
9. PROGRAMACIÓN E CALENDARIO, REUNIÓNS DOS ÓRGANOS DE GOBERNO E DE COORDINACIÓN DOCENTE.....	12
10. PLURILINGÜISMO/SECCIÓNS BILINGÜES.....	13
11. PARTICIPACIÓN DO PROFESORADO EN PROGRAMAS DE INNOVACIÓN EDUCATIVA.....	15
12. LIBROS DE TEXTO E MATERIAIS CURRICULARES ESTABLECIDOS NO CENTRO.....	18
13. PROGRAMA ANUAL DE ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS E EXTRAESCOLARES	20
14. PLAN DE AUTOPROTECCIÓN.....	21
15. ORGANIZACIÓN E COORDINACIÓN DAS TAREFAS DO PERSOAL NON DOCENTE	22
16. HORARIO DE ATENCIÓN AO PÚBLICO.....	22
17. PLAN DE POTENCIACIÓN E ORGANIZACIÓN DAS RELACIÓNS COA COMUNIDADE E COA FAMILIA.....	23
18. PLAN DE TRANSPORTE ESCOLAR	23
19. PLAN DE ACTIVIDADES PROPOSTAS POLA ANPA.....	24
20. PLAN DE UTILIZACIÓN DAS INSTALACIÓNS DO CENTRO.....	27
21. PLAN XERAL DE AVALIACIÓN DO CENTRO	28
22. ADDENDA DO PROXECTO LINGÜÍSTICO	29
23. PLAN ANUAL DE LECTURA (PAL)	31
24. EQUIPOS DE DINAMIZACIÓN	41

1. DATOS DO CENTRO

Este curso **2023-2024** contamos cunha matrícula de **229 alumnas e alumnos** distribuídos en 14 aulas, 5 son de Ed. Infantil (un grupo en 4º, dous en 5º e dous en 6º) e 9 son de primaria con dous grupos por nivel excepto en 3º, 4º e 5º).

O noso centro dispón de **27 mestras e mestres**: 24 deles con xornada completa no noso centro e outros 3 itinerantes; a mestra de relixión compartida co CEIP Fernández López a onde vai os venres, unha mestra de Educación Física con centro base no CEIP Mestre Martínez Alonso, que está no noso colexio os xoves e unha mestra de Inglés con centro base no CEIP de Atín-Cela que ven os martes.

2. OBXECTIVOS ESPECÍFICOS DO CENTRO PARA O CURSO ACADÉMICO. MEDIDAS A DESENVOLVER E RECURSOS PREVISTOS.

Obxectivos:

- Fomentar a educación do alumnado na liberdade e solidariedade, a convivencia democrática e o respecto aos dereitos fundamentais para formar persoas e cidadáns responsables.
- Desenvolver un ensino que aporte ao alumnado instrumentos de análise e de crítica do mundo circundante e que fomente neles a capacidade de observación, investigación e crítica así como a adquisición de hábitos intelectuais, de traballo e de reflexión persoal.
- Favorecer o desenvolvemento dun alumnado creativo e autónomo, potenciando a súa autoestima e respectando os ritmos de aprendizaxe individual.
- Favorecer as relacións entre o Colexio e o entorno sociocultural para posibilitar un ensino que parta do coñecemento do medio.
- Evitar a competitividade potenciando un ensino activo no que se desenvolvan a iniciativa, a independencia, a solidariedade, a responsabilidade e o afán de superación e fomentando o traballo cooperativo.
- Potenciar un réxime de coeducación no cal non exista discriminación por razón de sexo, poñendo medios necesarios para eliminar as desigualdades do entorno, fomentando o respecto aos demais.

- Potenciar o coñecemento da cultura, historia, xeografía, economía e realidade socio-política de Galicia, así como o coñecemento e uso da Lingua Galega como vehículo de aprendizaxe e comunicación.
- Apoiar, na medida das posibilidades do noso centro, as iniciativas culturais, recreativas, deportivas, etc., que partan das sociedades que con ditos fins existan na zona de influencia do Colexio.
- Sensibilizarse como comunidade educativa da importancia das actuacións conxuntas.
- Continuar coa mellora das instalacións e dotación de material:
 - Un administrativo para a xestión da oficina e biblioteca.
 - Mobiliario e xogos para o patio de educación infantil e primaria.
 - Pulido de chan de todo o edificio.
 - Pintar e arranxar as pistas deportivas.
 - Reparar a rede do entorno do pavillón e acondicionar a contorna con vexetación.
 - Arranxar as goteiras dos canalóns e do ximnasio.
 - Solucionar os problemas de atascos nos baños.
 - Facer un escenario novo dado o perigo que conleva o actual polo caruncho.
 - Sinalizar o colexio nas estradas.

Medidas a desenvolver e recursos previstos.

- Distribución das tarefas e dinamizacións de forma axeitada esixindo responsabilidade no seu cumprimento tendo reunións frecuentes dende distintas plataformas de diálogo: equipos, ciclos, órganos colexiados...
- Revisión e elaboración de documentación que nos permita facer fronte ás novas esixencias educativas.
- Fomento de actuacións innovadoras, creativas e responsables dentro da nosa escola elaborando unha programación xeral práctica e adecuada.
- Colaboración do Concello, mediante a realización de tarefas de mantemento.

- Manifestación en crítica construtiva ante realidades que non se axustan ás necesidades, tendo no Consello Escolar o organismo que supervisa toda a actividade da comunidade educativa.
- Fomento da análise de situacións, ou intercambio de impresións para adoptar posturas orientadas á mellora pedagóxica recollendo información e decisións en documentos accesibles e coñecidos polos membros da comunidade escolar.
- Posta en marcha dun novo equipo entre o profesorado que impulsará dinámicas de traballo e estratexias de intelixencia emocional para a mellora da convivencia escolar.

3. CONCRECIÓN ANUAL DO PE E MODIFICACIÓNS

Para concretar e continuar a desenvolver o noso proxecto educativo de centro, temos previstas ou xa realizadas as seguintes actuacións:

- Elaboración das programacións docentes con arreglo ás instrucións ditadas dende o servizo de inspección educativa.
- Revisión dos documentos de concreción curricular de cada área.
- Avanzar no plan de convivencia, en concreto no referente aos espazos de recreo e dinámicas de resolución de conflitos.

4. ESTRATEXIAS METODOLÓXICAS E ORGANIZATIVAS DE ACNEAE

As estratexias metodolóxicas utilizadas co noso alumnado partirán do Deseño Universal de Aprendizaxe (DUA), sendo éste un enfoque didáctico que pretende aplicar os principios do Deseño Universal ao deseño do currículo dos diferentes niveis educativos. Co que pretendemos favorecer a todo o alumnado, partindo das necesidades que ten o alumnado NEAE para facer unha verdadeira inclusión dentro das aulas. Partindo deste enfoque e coñecendo o recollido na Orde do 8 de setembro de 2021 que desenvolve o Decreto 229/2011 do 7 de decembro de atención á diversidade; así coma nos diferentes protocolos establecidos pola Consellería para a atención ao alumnado NEAE, poderemos ofrecer unha resposta educativa axeitada para desenvolver ao máximo todo o potencial dos nosos discentes e acadar o éxito persoal e social a través dunha educación inclusiva.

A aula debe ser un contexto inclusivo no que se de resposta a dita

diversidade polo que a metodoloxía debe incluír estratexias que promovan a construción social da aprendizaxe, a participación activa do alumnado, a motivación, significatividade e funcionalidade das aprendizaxes, a cooperación e colaboración entre iguais e a experimentación do éxito académico. Por iso, entre as estratexias metodolóxicas máis salientables consideraremos aspectos como:

- As actividades de aprendizaxe deben ser elaboradas en multinivel, tendo en conta as peculiaridades do alumnado, necesitando que se lle adapten as tarefas segundo as súas necesidades e seu nivel de competencia curricular. Sen ter que modificar o contido a traballar.
- Preferentemente empregaremos materiais e recursos didácticos variados e adaptados á diversidade de capacidades e características do alumnado. De modo que utilicen códigos comunicativos diversos coma pode ser un SAAC ou máis sinxelos de tipo visuais, auditivos, verbais, escritos...).
- A organización dos espazos e os tempos debe favorecer que se produzan situacións diversas dentro da aula: coma o traballo individual, en pequeno grupo e en gran grupo, actividades comúns e actividades diferenciadas; así como favorecer a incorporación doutros profesionais dentro da aula, que compartan cos titores/as e/ou mestres/as de área o proceso de ensino aprendizaxe. O que se denomina docencia compartida.
- Fomentarse unha aprendizaxe cooperativa e ou por proxectos que promovan o desenvolvemento das relacións sociais e estimule a aprendizaxe entre iguais. Este enfoque interactivo permite que o alumnado aprenda dos seus iguais.

5. CADRO DE ORGANIZACIÓN PEDAGÓXICA

Profesorado. Adscrición.

1. Paula Estraviz Martínez	INFANTIL 4º
2. Maria Dolores Rosende Verdeal	INFANTIL 5º A
3. Nair Freiría Alonso	INFANTIL 5º B
4. Lucía Ojea Couñago	INFANTIL 6º A
5. Elisabet Gago Expósito	INFANTIL 6º B
6. Verónica Pampillón Seijo	INFANTIL Psicomotricidade
7. Elisa María Fernández Guisande	PRIMARIA 1º A
8. Elena Justo Romero	PRIMARIA 1º B
9. Patricia Amelia Amigo Quintana	PRIMARIA 2º A

10. Eva Molina Parada *	PRIMARIA 2º B
Marta Molina Ferradás *(substituta)	
11. Marta López Domínguez	PRIMARIA 3º
12. Carlota Couso Vidal	PRIMARIA 4º
13. Elena Ester de Caso Rey	PRIMARIA 5º
14. Cesáreo Martín González Regueiro	PRIMARIA 6º A
15. María Carmen Rojo Estévez	PRIMARIA 6º B
16. María de los Ángeles González Lemos	INGLÉS (3º, 5º, 6º)
17. Lucía Álvarez González	INGLÉS (1º, 2º, 4º)
18. Montserrat Gil Vilariño	INGLÉS (Infantil) Martes
19. Melisa Riveiro González	ED. FÍSICA (2º, 3º, 4º, 5º, 6º)
20. Alba Rueda Pérez	ED. FÍSICA (1º) Xoves
21. Maruxa Martínez Pérez	RELIXIÓN Luns a Xoves
22. Ana María Riveira Rolle	MÚSICA
23. Marina Crespo García	ORIENTACIÓN
24. Isabel Domínguez Carrera	PT
25. Teresa Vázquez Represas	PT
26. Ángela María Barbosa Díaz *	AL
Carlos Cardama García *(substituto)	
27. Aida Rodríguez Val *	AL
María Castro Díaz *(substituta)	

Equipo Directivo

- Directora: Lucía Álvarez González
- Xefa de Estudos: Melisa Riveiro González
- Secretaria: Verónica Pampillón Seijo

Equipos de coordinación pedagógica e dinamizacións

- Departamento Orientación: (Coord.) Marina Crespo García
- CCP: (Coord.) Lucía Álvarez González
- EDLG: (Coord.) Maruxa Martínez Pérez
- Plurilingüismo: (Coord.) Lucía Álvarez González
- Seccións Bilingües: (Coord.) María de los Ángeles González Lemos
- Equipo de Actividades Complementarias e Extraescolares: (Coord.) Ana María Riveira Rolle
- Equipo de Biblioteca: (Coord.): Elisabet Gago Expósito
- Equipo TICS: (Coord.): Marta López Domínguez
- Equipo Convivencia: (Coord.): Cesáreo Martín González Regueiro

Equipos de ciclo

- Educación Infantil: (Coord.) Lucía Ojea Couñago
- Primeiro Ciclo: (Coord.) Elena Justo Romero
- Segundo Ciclo: (Coord.) Carlota Couso Vidal
- Terceiro Ciclo: (Coord.) Maruxa Martínez Pérez

6. PLAN DE ACTUACIÓN DOS ÓRGANOS COLEXIADOS E DO EQUIPO DIRECTIVO

Do Consello Escolar

- Aprobar a data non lectiva que pode solicitar o centro. Neste curso solicítase o 20 de maio de 2024.
- Valorar a programación xeral anual e a memoria anual correspondente para a súa aprobación.
- Resolver conflitos e impoñer correccións de acordo coas normas establecidas.
- Aprobar o proxecto de orzamento do centro.
- Aprobar todo o que poida xurdir ao longo do curso e sexa da súa competencia.

Do Claustro de Profesores

- Elaborar e presentar ó Equipo Directivo todas as iniciativas que crean axeitadas para a mellora do funcionamento do centro en calquera dos seus aspectos.
- Colaborar co Equipo Directivo a través dos distintos órganos de coordinación docente.
- Levar a cabo os acordos de funcionamento aprobados no Plan Xeral Anual.
- Determinar as necesidades materiais do centro.
- Propoñer iniciativas para a formación do profesorado.

Do Equipo Directivo

- Cumprir e facer cumprir a lexislación vixente.
- Promover a participación dos distintos sectores da Comunidade Educativa e impulsar as relacións do centro con outras asociacións do entorno.

- Elaborar a Programación Xeral Anual tendo en conta as propostas do Claustro e as directrices do Consello Escolar.
- Propiciar o desenvolvemento da Asociación de Nais e Pais de Alumnos e a súa implicación na actividade do Centro e convocar as reunións precisas entre directiva da ANPA e directiva do colexio para planificar actuacións, colaborando ademáis na realización e supervisión das actividades extraescolares.
- Facilitar un ambiente agradable de traballo, de compromiso pedagóxico e de servizo que permita desenvolver boas relacións persoais de todos os membros da comunidade educativa, potenciando o traballo en equipo.
- Establecer un calendario de actividades que abarque a todos os estamentos da comunidade: ciclo, equipos, claustro, consello e comisión de coordinación pedagóxica.
- Informar aos órganos colexiados e á comunidade educativa sobre as disposicións legais que se publiquen, no ámbito que lles corresponde.
- Adecuar a organización do centro para aproveitar mellor todos os recursos.
- Trasladar ao claustro a información económica.
- Asistir, periodicamente, ás sesións de avaliación dos niveis.
- Manter contactos co Concello, cos organismos da administración educativa e coas diferentes institucións locais en orde a unha maior atención ás necesidades do Centro.

7. XORNADA ESCOLAR E HORARIO DO CENTRO.

O horario dos alumnos e alumnas axustarase ó disposto na Orde do 29 de maio de 2008, pola que se establece o procedemento para a implantación da xornada lectiva en sesión única de mañá ou mixta nas escolas de educación infantil, colexios de educación infantil e primaria, colexios rurais agrupados, centros públicos integrados, centros de educación especial e centros privados concertados, no Decreto 374/1996, do 17 de outubro, polo que se aproba o Regulamento Orgánico das escolas de educación infantil e primaria e na Orde do 22 de xullo de 1997 pola que se regulan determinados aspectos de organización e funcionamento das escolas de educación infantil e primaria dependentes da consellería de Educación e

Ordenación Universitaria.

As actividades lectivas no noso centro comezan o día 11 de setembro de 2023 e rematan o 21 de xuño de 2024.

O horario lectivo é de 9 a 14 horas de setembro a xuño.

A atención a pais/nais será os martes, en horario de 17:00 a 18:00 horas, previa cita.

Períodos de vacacións

- As vacacións de Nadal abranguerán desde o día 22 de decembro de 2023 ata o día 7 de xaneiro de 2024 (ambos inclusive).
- Considéranse períodos non lectivos os días correspondentes ao Entroido (12, 13 e 14 de febreiro).
- As vacacións de Semana Santa abranguerán desde o día 25 de marzo ata o 1 de abril de 2024 (ambos os dous inclusive).

Días festivos

Considéranse días non lectivos para efectos académicos:

- 7 de decembro de 2023: Día do ensino.
- 20 de maio de 2024: Día de libre disposición (pendente de confirmación).
- 13 de xuño de 2024: Día da Rosa.

Datas de avaliación

1º Avaliación:

- Reunión de avaliación Ed. Infantil: 28 de novembro e 5 de decembro.
- Reunión de avaliación Ed. Primaria: 11 e 12 de decembro.
- Entrega de notas: 21 de decembro.

2º Avaliación:

- Reunión de avaliación Ed. Infantil: 5 e 12 de marzo.
- Reunión de avaliación Ed. Primaria: 18 e 19 de marzo.
- Entrega de notas: 22 de marzo.

3º Avaliación:

- Reunión de avaliación Ed. Infantil: 25 de xuño.
- Reunión de avaliación Ed. Primaria: 24 e 25 de xuño.
- Entrega de notas: 27 de xuño.

As **calificacións** de cada trimestre serán enviadas por **abalar**.

8. QUENDAS DE PROFESORADO ENCARGADO DA VIXIANCIA DO RECREO, ENTRADAS E SAÍDAS

As gardas nos **recreos** estarán distribuídas en 8 zonas:

1. PATIO CUBERTO. Comprende o patio cuberto e a entrada principal ao recinto do colexio (aparcamento).
2. AREIRO. Zona de area, delimitado, para educación infantil.
3. CAMPO. Comprende o campo de terra e a zona de gradas.
4. PISTAS. Comprende a parte lateral do colexio e as pistas de fútbol e baloncesto.
5. PATIO DIANTE DA BIBLIOTECA. Ademais de velar o xogo da rapazada, nesta zona as mestras e mestres coidarán que o alumnado non acceda durante o recreo á zona da horta.
6. BAÑOS. Comprende a zona de baños que está na planta 0, pola entrada ás oficinas.
7. BIBLIOTECA. Unha mestra se encarga da atención da biblioteca, según quenda, durante o recreo.
8. OFICINAS. O equipo directivo encargárase de atender as oficinas durante o recreo, para aquelas incidencias que poidan xurdir.

En canto as **entradas**, temos 3 portas polas que o alumnado accede ao centro e onde ás 8.45, cando se abren, un mestre de garda permanece ata as 9.00 en cada unha delas para facer o recibimento da mañá. O resto do profesorado con horario de docencia directa agarda nas aulas onde fará a vixiancia do alumnado transportado que foi entrando.

Durante as **saídas**, o profesorado acompañará ao seu grupo e comprobará que todo o alumnado é recollido polas familias. O alumnado de infantil que fai uso do *comedor* será recollido nas aulas por Ana, responsable do comedor, e o de

primaria baixará acompañado por un docente. O alumnado *transportado* será vixiado na zona de patio cuberto polos mestres de garda de autobús, según a quenda correspondente.

QUENDA DE GARDA DE RECREOS

	INFANTIL	PRIMARIA
LUNS	Elisabet Nair Loli Eugenia (coidadora)	Patricia Carlota Elena E. Elisa Ángeles
MARTES	Ana Paula Lucía O. Eugenia (coidadora)	Aida Elena J. Marta L. Marta M. Maruxa
MÉRCORES	Ángela Marina Nair Eugenia (coidadora)	Ángeles Carlota Elena E. Elena J. Martín
XOVES	Marina Lucía O. Paula Eugenia (coidadora)	Alba Mari Martín Maruxa Patricia
VENRES	Ana Ángela Loli Eugenia (coidadora)	Aida Elisa Mari Marta L. Marta M.

	OFICINAS	BIBLIOTECA
LUNS	Equipo Directivo	Isabel
MARTES	Equipo Directivo	Teresa
MÉRCOR ES	Equipo directivo	Isabel
XOVES	Equipo Directivo	Teresa
VENRES	Equipo Directivo	Elisabet

GARDA DE BUS A ENTRADA

De 08:45 A 09:00

	LUNS	MART ES	MÉRCOR ES	XOVE S	VENRES
Portal de entrada	Teresa	Teresa	Teresa	Teresa	Teresa
Porta emerxencia 1º,2º,3º	Ángela	Ángela	Ángela	Ángela	Ángela
Porta principal 4º,5,6º	Aida	Aida	Aida	Aida	Aida

GARDA DE BUS A SAÍDA

De 13:55 a 14:15

LUNS	MARTE S	MÉRCORE S	XOVE S	VENRE S
Maruxa	Angela	Martín	Lucía O.	Elena E.
Elena E.	Paula	Ana	Teresa	Ángeles
Aida	Elena J.	Carlota	Mari	Ana

*Isabel vivía a baixada do alumnado de primaria que fai uso do comedor.

9. PROGRAMACIÓN E CALENDARIO, REUNIÓN DOS ÓRGANOS DE GOBERNO E DE COORDINACIÓN DOCENTE

Trimestralmente o equipo directivo elabora un calendario de reunións

para planificar o traballo a realizar os martes pola tarde tendo en conta o seguinte:

- **O Consello Escolar:** reunirase con carácter ordinario, polo menos, unha vez ao trimestre, e con carácter extraordinario sempre que se considere necesario.
- **O Claustro:** con carácter ordinario, o Claustro de Profesores, reunirase unha vez ao trimestre, polo menos, e con carácter extraordinario sempre que sexa necesario. Complementaranse coas xuntanzas informativas os martes ás 4 e as que demanden os membros do claustro.
- **A Comisión de Coordinación Pedagóxica:** reunirase cunha periodicidade trimestral variando a súa frecuencia segundo as necesidades do centro. De maneira extraordinaria ao comezar o curso e ao remate do mesmo.
- **O equipo directivo:** reunirase de xeito sistemático todos os días de 14.00 a 14:15 horas e os martes de 12.00 a 13.00, ademais de en cantas ocasións sexa preciso para organizar a boa marcha do centro.
- **Os Equipo Ciclo:** realizaranse mensualmente para tratar aspectos organizativos e pedagóxicos do centro.
- **Os Equipos de Dinamización** (Biblioteca, Actividades Complementarias e Extraescolares, TIC, EDLG, Convivencia) reuniranse unha vez ao mes baixo convocatoria do coordinador/a e planificada polo equipo directivo, e todas as que o coordinador/a considere necesarias.
- **Os/as especialistas do Departamento de Orientación** reuniranse semanalmente e convocarán unha reunión xeral sempre que se considere necesario.

O Departamento de Orientación en pleno reunirase un mínimo dunha vez ao trimestre convocados pola xefa do departamento e todas aquelas veces que se considere necesario.

10. PLURILINGÜISMO/SECCIÓNS BILINGÜES

Equipo e profesorado responsable

- Lucía Álvarez González (coord. Plurilingüismo)
- María de los Ángeles González Lemos (coord. Seccións Bilingües)
- Katharine Murphy (auxiliar de conversa)

Seccións Bilingües

O noso centro conta con dúas seccións bilingües na materia de Educación Plástica e Visual no curso de 6º de Educación Primaria. O uso da lingua inglesa durante as sesións será dun 50 %. Este será o último ano con seccións bilingües xa que no curso 2024/2025 toda a primaria pasa a ser plurilingüe. A incorporación dun alumno ou unha alumna a unha sección bilingüe requirirá a autorización por escrito da familia, polo que a principios deste curso enviamos a solicitude sendo o resultado final un 100% de participación.

Centro Plurilingüe

Este é o quinto curso dende que o noso centro se incorporou a rede de centros plurilingües de Galicia. Polo tanto, a materia de Educación Plástica e Visual impártese este ano nos cursos de 1º, 2º, 3º, 4º e 5º de Educación Primaria, empregando en todo momento a lingua inglesa como lingua vehicular, e dicir, o 100%. Os obxectivos propostos para este curso 203-24 son:

- Ampliar o uso da lingua inglesa en diferentes ámbitos e situacións.
- Participar no proxecto do centro que este curso centrarase nos catro elementos.
- Sinalizar espazos comúns con carteis nas 3 linguas.
- Colaborar con outros centros no estranxeiro para a realización de videochamadas ou intercambio de correspondencia.
- Elaborar programas de radio para mellorar as diferentes destrezas lingüísticas.

Mecanismos de seguimento e avaliación do programa plurilingüe/seccións bilingües

Os mecanismos de seguimento e avaliación servirán para acadar datos que confirmen se os obxectivos foron acadados, se as actividades foron axeitadas propiciando a comunicación oral e se a metodoloxía foi a acertada. Para un adecuado desenvolvemento do proxecto, ao longo do curso farase un seguimento do mesmo valorando aspectos como:

- Organización e coordinación do equipo.
- Planificación de tarefas.
- Dotación de medios e tempos.
- Repercusión na aprendizaxe do alumnado.

A revisión será continua, rexistrando as incidencias relevantes que poidan xurdir. Dita avaliación afectará os dous proxectos na súa totalidade, sendo un proceso continuo e formativo baseado en revisións periódicas para mellorar o seu funcionamento.

Todo isto quedará reflectido nas memorias finais que as coordinadoras de ambos programas teñen obrigatoriedade de presentar según instrucións a través da aplicación correspondente na Dirección Xeral de Ordenación e Innovación Educativa. Por outra banda, dentro da memoria anual do centro quedarán reflectidas todas as accións e actividades levadas a cabo ao longo do curso escolar 23-24 para promover o plurilingüismo no Centro, ademais das propostas de mellora que poidan xurdir de cara ao seguinte curso escolar.

Mecanismos de seguimento e avaliación da auxiliar de conversa.

A auxiliar de conversa é compartida co CEIP Mestre Martínez Alonso. Polo tanto, as súas 16 horas lectivas divídense en 8 horas para cada centro. No noso colexio está os mércores e xoves, asistindo nas materias de Inglés e Ed. Plástica e Visual con diferentes grupos, en función da súa dispoñibilidade. A súa labor comeza o 1 de outubro rematando o 31 de maio. A auxiliar de conversa non será responsable da supervisión do alumnado e estará sempre acompañada polo profesorado ao que esté axudando. Os primeiros días, antes de comezar a desenvolver as súas funcións, poderá estar na aula observando para familiarizarse cos intereses e o nivel de coñecementos do alumnado. As tarefas da auxiliar son:

- Asistir aos docentes de Lingua Estranxeira e CLIL (Content and Language Integrated Learning) como apoio lingüístico na aula.
- Reforzar a planificación das clases con suxerencias de actividades lúdicas que posibiliten a práctica da conversa oral.
- Colaborar na elaboración de material didáctico na lingua estranxeira.
- Aproximar ao alumnado e profesorado a cultura do seu país de orixe.
- Seguir co proxecto audiolibros da Biblioteca.

- Colaborar nos proxectos internacionais nos que participe o centro.

A persoa coordinadora realizará a supervisión das actividades que lle sexan asignadas a auxiliar, avaliando a súa participación e aportación. Ademais, elaborará os informes requeridos pola Dirección Xeral de Ordenación e Innovación Educativa remitindo a memoria sobre a actuación da auxiliar de conversa antes de que remate o programa.

11. PARTICIPACIÓN DO PROFESORADO EN PROGRAMAS DE INNOVACIÓN EDUCATIVA

Radio escolar

De novo solicitamos o *Proxecto Radio na Biblio* para dar formación ao alumnado.

A Radio Escolar durante este curso continuará sendo un recurso indispensable para o desenvolvemento das actividades do noso centro.

Biblioteca creativa

Un ano máis volvemos a solicitar o proxecto de biblioteca creativa ofertados polas Bibliotecas Escolares de Galicia.

E-Dixgal

Este ano apostouse pola incorporación das tecnoloxías nas aulas, participando por primeira vez no proxecto E-Dixgal co alumnado de 5º de Educación Primaria. Este proxecto ofrécenos a posibilidade de utilizar os libros dixitais na práctica educativa e ten por obxectivo fomentar a utilización das TICS.

Plan Proxecta

FROITA NA ESCOLA

O "*plan proxecta*" na modalidade de "Froita na escola" un ano máis ten como obxectivo inculcar no seu alumnado a importancia dunha vida saudable. O que para nos abrangue os aspectos físico, emocional, social, coidado da contorna Todo o que precisan as nosas crianzas para seguir medrando e converterse nunha persoas sans e responsables. Desenvolvendo así no noso alumnado un proxecto activo e cooperativo que lle axude na adquisición de hábitos de vida saudable.

Seguimos solicitando a colaboración de toda a comunidade educativa. Confiando, así, que o concello volte a propor actividades relacionadas coa alimentación saudable das que poidamos ser partícipes, que o ANPA siga mantendo a que xa se viña facendo e esperamos seguir prantando árbores froiteiras nos arredores do centro en colaboración coa comunidade de montes.

Contamos coa participación de todos os equipos docentes e faremos participe a todo o alumnado do centro.

Por outra banda seguiremos coa semana da froita pero neste curso 23/24 darémoslle outro enfoque, pois imos levar a cabo días soltos en cada trimestre para así aproveitarnos da froita de tempada en cada estación.

Publicitaremos parte das actividades levadas a cabo na nosa páxina web, no apartado “*Froita na Escola*”.

PROXECTO DE VIDA ACTIVA E DEPORTIVA

Neste curso escolar 2023/2024, en relación ao noso proxecto de vida activa e deportiva, temos como obxectivo principal continuar ca interdiscipliniedade en relación a actividade física ao tempo que a empregamos como ferramenta para a resolución pacífica de conflitos e como medio de gozo para o tempo de lecer. Para conseguir esta idea, buscamos a implicación do profesorado e alumnado; xa que creemos que o deporte e os hábitos de vida saudables, deben ser unha práctica primordial no día a día do noso alumnado. A finalidade deste obxectivo é loitar contra o sedentarismo e os futuros problemas de saúde que pode carrexar. Establecerase relación cos equipos de convivencia e extraescolares e complementarias, buscando dinamizar os recreos e os tempos de lecer con xogos e deportes; para ofertar maior variedade de actividades físicas ao alumnado.

Buscamos motivar ao alumnado a que participe en actividades deportivas e xogos en equipo que faciliten a socialización e sexan beneficiosos para a súa autoestima. Así mesmo, que o alumnado sexa consciente dos beneficios que pode aportar unha vida activa, elixindo a práctica deportiva que máis lle motive. Para logralo plantexámonos as seguintes actividades:

- **Dinamizacións intercentros:** durante varias xornadas lectivas o

alumnado de 5º e 6º curso practicarán diferentes disciplinas deportivas con alumnado doutros centros educativos. Celebraranse no propio centro ou acudiremos a outros centros educativos da zona.

- **Coñece o meu club:** realizaranse xornadas de promoción deportiva con diferentes clubs da zona, atendendo a proposta deles: balonmán, danzas urbanas, béisbol...
- **Actividades deportivas de Xogade:** actividades deportivas escolares que non vaian plantexando dende o Servizo Provincial de deportes. Este ano na reunión xeral, plantexaron as seguintes: atletismo en pista en 4º, carreira campo a través de 2º a 6º, orientación en 6º, bádminton en 3º, voleibol en 5º, danzas urbanas en 5º, atletismo pista en 2º... Dependendo das diferentes federacións e monitores iranse ofertando.
- **Actividades deportivas do concello:** as actividades deportivas que propoña o concello en horario lectivo, coma: xadrez, educación vial, baile deportivo...
- **Interdisciplinabilidade e actividade física.** Grazas a colaboración de profesorado; realizaremos actividades nos que relacionaremos a actividade física coas diferentes áreas.

Co fin de que a información chegue a toda a comunidade educativa publicaremos as actividades levadas a cabo na páxina web do cole no seu apartado "*proxecto de vida activa e deportiva*" e nas redes sociais.

Etwinning

O obxectivo destas iniciativas con eTwinning é facilitar o contacto con outros alumnos e mestres que posúen diferentes idiomas, costumes, tradicións... así como traballar de maneira colaborativa a través das TICs.

A área de Inglés traballará con sexto A no proxecto Meteorolokids. E co grupo de Sexto B realizarase o proxecto "We learn together, we grow together" traballándose dende as áreas de Inglés e Relixión.

Participaremos noutros proxectos nas áreas mencionadas anteriormente cando sexan activados e resulten de interese.

12. LIBROS DE TEXTO E MATERIAIS CURRICULARES ESTABLECIDOS NO CENTRO

1º PRIMARIA

- **LENGUA:** Primeros Pasos PAUTA. Construyendo mundos. Ed. Santillana. ISBN- 978-84-680-7160-2
- **MATEMÁTICAS:** Construyendo mundos. Mochila Ligera. Ed. Santillana. ISBN- 978-84-680-7131-2.
- **IMOS CON TODO 1** Primer trimestre. Anaya. ISBN- 978-84-698-9864-2.
- **IMOS CON TODO 1** Segundo trimestre. Anaya. ISBN- 978-84-698-9867-3.
- **PLÁSTICA:** Arts and Crafts 1º Green Pack .Ed. Edelvives (Macmillan Education) ISBN- 978-84-1688-816-0.

2º PRIMARIA

- **LENGUA CASTELLANA:** Mochila ligera. Construyendo mundos. Ed. Santillana. ISBN - 978-84-144-0762-2.
- **LINGUA GALEGA:** Construindo mundos. Ed. Santillana. ISBN- 978-84-9185-675-7
- **MATEMÁTICAS:** Mochila ligera. Construyendo mundos. Ed. Santillana. ISBN - 978-84-144-0763-9
- **CIENCIAS DA NATUREZA:** Construindo mundos. Ed. Santillana. ISBN - 978-84-9185-694-8
- **CIENCIAS SOCIAIS:** Construindo mundos. Ed. Santillana. ISBN - 978-84-9185-696-2

3º PRIMARIA

- **LENGUA CASTELLANA:** Ed. Santillana. Construyendo mundos. ISBN: 978-84-680-7201-2
- **LINGUA GALEGA:** Ed. Santillana. Construindo mundos. ISBN: 978-84-9185-409-8
- **CIENCIAS SOCIAIS:** Ed. Santillana. Construindo mundos. ISBN: 978-84-9185-416-6

- **CIENCIAS DA NATUREZA:** Ed. Santillana. Construindo mundos. ISBN: 978-84-9185-410-4
- **MATEMÁTICAS:** Ed. Santillana. Construyendo mundos. Mochila Ligera. ISBN: 978-84-680-7136-7
- **RELIXIÓN:** Ed. Santillana. Construyendo mundos. ISBN-978-84-680-7143-5
- **INGLÉS:** Great Explorer 3. Class Book. Ed. Oxford. ISBN: 978-01-945-0749-3
- Great Explorer 3. Activity Book. Ed. Oxford. ISBN: 978-01-945-0741-7
- **PLÁSTICA:** Arts and Crafts 4. Edelvives (Macmillan Education). ISBN: 978-84-158-6701-2

4º PRIMARIA

- **LENGUA CASTELLANA:** Construyendo mundos. Santillana. ISBN: 978-84-144-0738-7
- **LINGUA GALEGA:** Construindo mundos. Santillana. ISBN: 978-84-9185-705-1
- **MATEMÁTICAS:** Construyendo mundos. Santillana. ISBN: 978-84-144-0769-1
- **CIENCIAS SOCIAIS:** Construindo mundos. Santillana. ISBN: 978-84-9185-698-6
- **CIENCIAS DA NATUREZA:** Construindo mundos. Santillana. ISBN: 978-84-9185-692-4
- **PLÁSTICA:** Arts and Crafts Primary 4. Editorial Edelvives (Macmillan Education). ISBN: 978-84-1586-703-6

5º PRIMARIA (E-Dixgal)

- **INGLÉS:** All About Us Now 5 Activity Book. ISBN: 978-01-9407-396-7
- **PLÁSTICA:** Arts and Crafts Primary 5. Green Pack. Edelvives (Macmillan Education). ISBN: 978-84-1688-824-5

6º PRIMARIA

- **INGLÉS:** All about us now 6. Class Book. ISBN: 978-01-9407-513-8
All about us now 6. Activity Book. ISBN: 978-01-9407-402-5
- **LENGUA:** Operación Mundo. Ed. Anaya. ISBN: 978-84-143-2183-6
- **LINGUA GALEGA:** Caderno. Ed. Anaya. ISBN: 978-84-678-3512-0
- **MATEMÁTICAS:** Operación Mundo. Anaya. ISBN: 978-84-143-2234-5.
- **PLÁSTICA:** Arts and Crafts Primary 6 Blue. Editorial: Edelvives (Macmillan Education). ISBN: 978-84-1688-827-6

13. PROGRAMA ANUAL DE ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS E EXTRAESCOLARES

Cando o profesorado o considere axeitado levaráanse a cabo actividades diversas nos arredores do centro, aproveitando os espazos que a Comunidade de Montes nos ten habilitados.

Educación Infantil

Durante este curso levaremos a cabo algunhas saídas educativas.

- Saída cultural, didáctica: Escolleremos entre aquelas que nos oferte o Concello e as demais entidades. E será levada a cabo polos cursos aos que lles sexan de interese.
- Saída a natureza: excursión de todo o ciclo de cara ao terceiro trimestre.
- Saída aos arredores do cole: Monte da Faquiña.

1º ciclo de Educación Primaria

- Naturnova (1º e 2º) no primeiro trimestre.
- Excursión Museo do Mar ou Fundación Sales ou visitar unha biblioteca (pendente de confirmar) no segundo trimestre.
- Excursión de fin de curso ao Castelo de Soutomaior ou a Illa de San Simón (pendente de confirmar) no terceiro trimestre.

- Saídas e charlas ofertadas tanto polo Concello como por outras entidades que resulten de interese.

2º ciclo de Educación Primaria

- Saída ao Museo do Mar durante o segundo trimestre.
- Excursión de fin de curso (luns 17 de xuño) a Marikiná Park (en Beade)
- Aquelas outras actividades (charlas ou saídas) ofertadas polo Concello de Mos e/ou outros organismos que sexan de interese.

3º ciclo de Educación Primaria

Intentarase facer as seguintes actividades ao longo do curso:

- Visita a diferentes museos: Museo Liste, Museo de Pontevedra, Museo Quiñones de León, Marco, e Museos Científicos en A Coruña.
- Visita á Planta de Reciclaxe.
- Visita ao IES de Mos.
- Ruta polo Concello de Mos; ruta por Tui e A Guarda.
- Aquelas outras actividades ofertadas polo Concello de Mos e/ou outros organismos que sexan de interese.

14. PLAN DE AUTOPROTECCIÓN

O plan de autoprotección está pendente de aprobación así como a realización do simulacro. A principios deste curso 23-24 enviáronse os datos actualizados do noso centro a Protección Civil para que leven a cabo a renovación do plan. Ademais solicitouse ao Concello o simulacro de evacuación xa que o ofertaban como unha das actividades para este trimestre. A realización de dita actividade queda suxeita a ter previamente elaborado o plan de autoprotección.

15. ORGANIZACIÓN E COORDINACIÓN DAS TAREFAS DO PERSOAL NON DOCENTE

Auxiliar de conversa:

Procedente do Reino Unido. Itinera co CEIP Mestre Martinez Alonso e os días que está no noso centro son os mércores e os xoves. A súa estancia no noso centro irá dende o mes de outubro ata o mes de maio ambos inclusive.

Coidadora:

Durante este curso contamos cunha coidadora para as aulas de 4º e 6º de Educación Infantil atendendo a tres alumnos con necesidades específicas.

Conserxe e mantemento:

Dispónse dun empregado municipal que se fai cargo das tarefas de mantemento do edificio e coidado dos patios nun horario de 07:30 a 14:30. Os traballos acordaranse, sempre que corresponda ás súas funcións, coa directora do centro que é a encargada de fixar tarefas e prioridades.

Servizo de limpeza:

No noso centro contamos pola tarde con dúas persoas encargadas da limpeza dos diferentes espazos do edificio.

16. HORARIO DE ATENCIÓN AO PÚBLICO

- **Horario de titoría:** Os martes de 17:00 a 18:00 horas, con cita previa.
- **Horario de secretaría:** luns e venres: 13:10 a 14:00 ; martes e xoves: 9:00 a 9:50
- **Horario de xefatura de estudos:** xoves: 10:40 a 11:30; venres: 12:20 a 13:10
- **Horario de dirección:** luns: 12.00 a 13:00; venres: 13:15 a 14:00.
- **Horario de orientación:** atención telefónica todos os días: 13:10

a 14:00; presencial os martes: 17:00 a 18:00

17. PLAN DE POTENCIACIÓN E ORGANIZACIÓN DAS RELACIÓNS COA COMUNIDADE E COA FAMILIA

Dende o equipo directivo e o claustro de profesorado preténdese facer da escola un lugar de relación, no que o alumnado, familias e profesorado xunto co resto da comunidade poidan colaborar nunha tarefa común. O xeito de abordar estas relacións baséase nas seguintes actuacións:

Coa comunidade:

- Manteranse xuntanzas e comunicación sistemática cos directores/as dos centros do Concello e da zona para tratar asuntos comúns.
- Colaboración co IES de Mos, onde remata o ensino obrigatorio do noso alumnado. A orientadora do noso centro traballará en estreita colaboración co departamento de orientación do instituto.
- Potenciaranse as relacións con calquera asociación, institución... que sexa de interese para a comunidade educativa.

Coa familia:

- Convocar unha reunión xeral con todos os pais e nais, a principio de curso, para informalos de cuestións arredor do proxecto de centro, os recursos materiais e persoais co que se conta, as normas xerais, etc.
- Facilitar as visitas o centro cuns horarios previamente establecidos.
- Manterase coa ANPA unha relación de colaboración permanente, moi especialmente nos temas de comedor escolar e actividades extraescolares, ademáis de escoitar e valorar proxectos de mellora da calidade educativa.

18. PLAN DE TRANSPORTE ESCOLAR

O transporte escolar é por conta da consellería de Educación e Ordenación Universitaria. O servizo préstao a empresa MONBUS S.L con cinco liñas de autobuses e cada autocar dispón do seu coidador/a.

Durante este curso o alumnado de primaria transportado diríxese

inmediatamente a súa aula onde o espera o profesorado.

O alumnado de infantil vai ao patio cuberto, onde é recibido polas mestras de garda.

A espera do servizo á hora de saída (14:00) organízase no patio cuberto distribuíndo aos rapaces en cinco filas, correspondendo con cada liña de autobús onde estarán a cargo dos mestres de garda, según quenda.

Temos o teléfono da empresa de transportes coa que nos pomos en contacto cando se producen incidencias quedando anotadas nunha folla de rexistro.

As normas para o alumnado do centro rexistradas nas NOFC son extensibles ao transporte escolar, podendo o centro educativo tomar medidas no caso do seu incumprimento.

19. PLAN DE ACTIVIDADES PROPOSTAS POLA ANPA

Un ano máis a ANPA quere estar presente na vida escolar e implicarse e mediar no que nos sexa solicitado tanto dende as familias coma dende o claustro se está na nosa competencia.

1. Actividades extraescolares

As empresas contratadas para realizar as actividades son: Ritmo; clube Ponteareas para xadrez; Jael e Marcos imparten ximnasia acrobática e Club Rosaleira patinaxe.

As ofertadas polo Concello son: balonmán e baloncesto impartidas polo clube Porriño; multideporte polo Club Louro Tameiga e inglés.

A actividade de Cociña-Club Gurmet será impartida no CEIP Petelos e ao noso centro asistirá alumnado a actividades que alí non se ofertan, cumprindo coa normativa esixida nestes casos, seguro durante a actividade e na estancia no centro acolledor.

Para patinaxe sairá un autobús dende a escola para levar aos nenos e nenas ao pavillón Oscar Pereiro, sendo acompañados por persoal responsable.

Actividade	Centro	Imparte	Curso	Día	Horario	Prezo
Taekwondo	Pena de Francia	Ritmo	Tod@s	Luns	16:00-17:00	15 €
Inglés infantil	Pena de Francia	Ritmo	Infantil	Luns	16:00-17:00	15 €
Patinaxe	Pavillón Oscar Pereiro	Club Rosaleira	Tod@s	Martes	16:00-18:00	20€ *
						Servizo autobús
Xadrez	Pena de Francia	Club Pontearas	Primaria	Martes	16:00-17:00	15 €
Baile Moderno	Pena de Francia	Ritmo	Tod@s	Martes	16:00-17:00	15 €
Baloncesto	Pena de Francia	Concello de Mos	Dende 2º	Martes	16:00-17:00	Gratuíto
Robótica	Pena de Francia	Ritmo	Primaria	Mércores	16:00-17:00	22€
Cociña-Club Gourmet	Petelos	Actex	Primaria	Mércores	16:00-17:00	16€/mes+ 35€/trimestre material
Balonmán	Pena de Francia	Concello de Mos	Primaria	Mércores	15:55-16:55	Gratuíto
loga	Pena de Francia	Ritmo	Tod@s	Mércores	16:00-17:00	15 €
Ximnasia Acrobática	Pena de Francia	Jael e Marcos	Tod@s	Xoves	16:00-17:00	20€/mes + 10€ seguro
Inglés	Pena de Francia	Concello de Mos	Primaria	Xoves	16:00-17:00	5 €
Multideporte	Pena de Francia	Concello de Mos	Infantil	Xoves	16:00-17:00	Gratuíto

2. Comedor

Este ano a empresa Adrimial xestiona e ofrece o servizo de comedor, cun horario de 13:30-16h.

A proporción é de 1 monitor cada 20 criaturas de infantil, precisando neste momento 2 monitoras.

O precio de menú por día é de 4'9€+IVE.

3. Madruga

Este ano a empresa que oferta o servizo é Actex, en horario de 7:30-9h.

Tamén se oferta a opción de almorzo.

A proporción é de 1 monitor por cada 20 usuarios.

Os prezos son:

MODALIDADE SEN ALMORZO	PREZO
5 DÍAS POR SEMANA	35 €/MES
4 DÍAS POR SEMANA	31 €/MES
3 DÍAS POR SEMANA	28 €/MES
2 DÍAS POR SEMANA	25 €/MES
1 DÍA POR SEMANA	21 €/MES
DÍAS SOLTOS	3 €/DÍA

MODALIDADE CON ALMORZO	PREZO
5 DÍAS POR SEMANA	40 €/MES
4 DÍAS POR SEMANA	35 €/MES
3 DÍAS POR SEMANA	31 €/MES
2 DÍAS POR SEMANA	27 €/MES
1 DÍA POR SEMANA	22 €/MES
DÍAS SOLTOS	4 €/DÍA

4. Escola de familias: “Espacio sin juzgar”

Actividade dirixida ás familias na que aprenderemos máis sobre educación, sobre TEA,

o acoso, altas capacidades....

Dada a importancia dos temas que se van tratar solicítuse a colaboración do Concello e chegouse ao acordo de que a vai subvencionar e así ofertar a todas as familias do concello.

20. PLAN DE UTILIZACIÓN DAS INSTALACIÓNS DO CENTRO

As dependencias do colexio pecharanse unha vez rematadas as actividades polo que os pais/nais deberanlle dar aos seus fillos/as pertinentes instrucións para a hora da saída. Fóra destes días e horarios as instalacións só se poderán utilizar se os solicitantes compren cos seguintes requisitos:

a) Uso con calendarios e horarios fixos:

- ✓ Presentar á dirección do centro a solicitude correspondente.
- ✓ Informe do Consello escolar.
- ✓ Tramitación á Delegación Provincial de Educación , que logo do informe da Inspección educativa resolverá o que proceda.
- ✓ Autorización do Concello nas competencias que lle correspondan.

b) Uso ocasional con carácter excepcional:

- ✓ Presentar á dirección do centro a solicitude correspondente, que resolverá o que proceda pero sempre que non altere o normal desenvolvemento das actividades docentes.

c) Uso por parte da ANPA, asociacións de antigos alumnos, as súas respectivas federacións, sindicatos, movementos de renovación pedagóxica e grupos de profesores:

- ✓ Só requiren a autorización do director, cunha antelación mínima de tres días, que será concedida sempre que non se alteren os horarios de funcionamento do persoal e actividades do centro, respecten as directrices fixadas polo Consello Escolar, sexan utilizadas para o desenvolvemento dos fins de ditas institucións.

d) Uso por parte da Administración:

- ✓ Poranse á disposición da Administración e só require a solicitude ao director cunha antelación mínima de tres

días para:

- Formación do profesorado.
- Cursos de educación de adultos.
- Campañas electorais.
- Votacións.

21. PLAN XERAL DE AVALIACIÓN DO CENTRO

Unha vez aprobada a PXA quedará na Secretaría e na páxina web do Centro a disposición do profesorado e dos membros da comunidade educativa e outra remitiráselle ao Servizo Provincial de Inspección Educativa.

A Inspección Educativa supervisará a PXA para comprobar a súa adecuación ao establecido nas disposicións vixentes, formulará as suxestións que estime oportunas e indicará as correccións que procedan.

A PXA será de obrigado cumprimento por todos os membros da comunidade educativa.

A avaliación e seguimento da PXA debe ser permanente e continua, e debe permitir a introdución de correccións ou modificacións para chegar a conseguir os obxectivos propostos. Circunstancias especiais poden motivar a introdución de novos obxectivos, necesarios para facer fronte á demanda do Centro. É imprescindible valorar en grupo cada unha das actividades, metodoloxías, agrupamentos, etc. para coñecer todas as opinións e ter en conta os diversos puntos de vista.

A avaliación da Programación realizarase, principalmente, a catro niveis e temporizada da seguinte forma:

- Primeiro nivel: Por medio dos equipos de ciclo na forma e momento en que cada órgano didáctico fixa no seu plan particular.
- Segundo nivel: Pola Comisión de Coordinación Pedagóxica. Recollida a información do primeiro nivel, presentarase en dita comisión e valorarase o significado global que teñen as observacións manifestadas na vida do colexio. Farase un seguimento trimestral nas reunións de coordinación do cumprimento do reflectido.
- Terceiro nivel: Polo Claustro, atendendo principalmente á organización xeral do centro, obxectivos prioritarios, actividades

xerais, extraescolares e complementarias.

- Cuarto nivel: Polo Consello Escolar partindo das conclusións observadas nos niveis anteriores e das que el mesmo contemple e determine.

As conclusións máis relevantes da avaliación final sobre o grado de cumprimento da PXA realizada polo Consello Escolar e o Equipo Directivo serán recollidas na Memoria de final de curso, que se remitirá á Dirección Provincial para ser analizada polo Servizo de Inspección Técnica.

22. ADDENDA DO PROXECTO LINGÜÍSTICO

Continuando na liña de traballo seguida polo EDLG deste centro en anos anteriores, deseñamos un Plan de Potenciación da Lingua Galega que reúne un conxunto de medidas de acción positivas destinadas a promoción da lingua galega entre o noso alumnado, profesorado e familias desta comunidade educativa, co obxectivo final de que se acade unha competencia suficiente e equiparable nas dúas linguas oficiais de Galicia.

Este equipo asume as funcións que lle corresponden centrando as súas actuacións en:

- Propoñer os obxectivos do EDLG.
- Elaborar e difundir actividades que fomenten o uso e a valoración positiva da lingua galega.
- Dinamizar no centro educativo os proxectos, actividades ou talleres.
- Elaborar o orzamento para adquirir os recursos necesarios.
- Achegar ao resto da comunidade os acordos, materiais ou propostas de EDLG.
- Colaborar na posta en marcha e posterior desenvolvemento do proxecto de centro en colaboración con outros equipos de dinamización.

Será competencia da **coordinadora**:

- Convocar e presidir as reunións.
- Propoñer medidas para a potenciación do uso do galego en tódolos niveis educativos.

- Responsabilizarse das actas das reunións así como da memoria de fin de curso.
- Elaborar previo consenso co equipo e dinamizar un plan anual de actividades.
- Colaborar con outras comisións na elaboración de actividades conxuntas.
- Achegar ao resto da comunidade educativa os acordos do EDLG, así como o material axeitado para realizar os proxectos.

OBXECTIVOS DO EQUIPO

- Potenciar que a comunidade educativa valore e utilice a lingua galega.
- Dinamizar o uso do galego nos carteis no centro, ponencias, reunións e outras actividades que se realicen no colexio.
- Conseguir involucrar a comunidade educativa nas actividades propostas dende este equipo.
- Coordinarse cos outros equipos do centro para traballar en diferentes proxectos.

LIÑAS DE ACTUACIÓN

- A música dos nosos elementos PC
- Exposición e estudo dos froitos da tempada.
- Participar en propostas de plantación e traballo de árbores.
- Revista escolar.
- Proxecto Laretadas (EP)
- En galego coas estacións do ano.
- Dígocho na radio.
- Día de Rosalía e da poesía.
- En galego na horta.
- Dicionario galego.

PROPOSTA DE ACTIVIDADES:

Actividades para coñecer os noso costumes e tradicións

- Samaín: folleto informativo sobre a celebración. Exposición.

- Magosto: Estudio das tradicións sobre o Magosto.
- Nadal: felicitación en galego.
- Entroido : Estudo do entroido tradicional galego.
- Semana das letras galegas: Planificación e deseño das distintas actividades a desenvolver eses días.

Celebracións-Commemoracións

- Día de Rosalía/ poesía.
- Letras galegas.

Outros

- Actualización e mantemento do blog de EDLG.
- Divulgación de materiais en galego.
- Establecer comunicación con outros centros a través de diferentes medios.
- Promover visitas e talleres .
- Enquisa sociolingüística.

23. PLAN ANUAL DE LECTURA (PAL)

Introdución

O Plan Anual de Lectura é un programa de accións que se levarán a cabo de xeito periódico ou puntual no noso centro para o desenvolvemento do Proxecto Lector, encamiñado a mellorar as competencias clave do alumnado en todas as áreas do currículo.

O profesorado deste centro asume, de novo este curso, o reto de intentar acadar co alumnado o máximo nivel de desenvolvemento das competencias, prestando atención preferente ao fomento da lectura; estando cada vez máis concienciados da importancia da lectura como fonte de coñecemento. Sendo a lectura e a escritura destrezas de carácter xeral que conectan o desenvolvemento curricular de todas as áreas, constitúen competencias básicas que resultan esenciais, dado o seu carácter instrumental, para facer posible a aprendizaxe ao longo de toda a vida.

A experiencia demostra que as actividades de fomento da lectura e de capacitación das habilidades para o tratamento da información soamente resultan eficaces se son sistematizadas e integradas no tratamento de todas e cada unha

das áreas do currículo. A estes efectos iremos graduando as intervencións nunha dinámica de achegamento progresivo ao nivel máximo de actuacións necesarias e imprescindibles a medio prazo.

No plan anual de lectura intentamos de novo abarcar a maioría das competencias básicas do currículo en concreto a competencia en comunicación lingüística, tratamento da información e competencia dixital, competencia cultural e artística e competencia para aprender a aprender.

Unha pilar fundamental para lograr estas competencias é a Biblioteca do centro, como centro de recursos de lectura, información e aprendizaxe. Ademais de servir de lugar de intercambio de informacións, materiais e compartir experiencias, ser dinamizadora no fomento da lectura, así como o lugar onde se planifican actividades continuas para lograr estes obxectivos.

Obxectivos

- Fomentar o pracer pola lectura.
- Asegurar que se consiga ler de forma segura e fluída.
- Incorporar a lectura non literaria e literaria na práctica diaria cun tempo mínimo de media hora ao día.
- Lograr a comprensión de diferentes textos orais e escritos.
- Empregar e coñecer a Biblioteca Escolar, a organización dos fondos pola CDU, as súas seccións en que están distribuídos.
- Conseguir que o alumnado sexa autónomo na Biblioteca Escolar e por extensión nas demais bibliotecas.
- Potenciar o uso das instalacións da Biblioteca Escolar como espazo creativo de aprendizaxe e elemento dinamizador da actividade lectora, fomento de actitudes/valores e compensadora de desigualdades de partida do alumnado atendendo á diversidade.
- Continuar co desenvolvemento de todas as actividades da Biblioteca e fomento da lectura iniciadas en cursos anteriores como son: formación de usuarios/as, mochilas viaxeiras, hora de ler, lecturas compartidas, exposicións, conmemoracións, semanas temáticas...
- Lograr que empreguen estratexias para a consulta e busca de información de maneira eficaz das diferentes fontes informativas existentes (enciclopedias, dicionarios, Internet...)
- Formar alumnado crítico na selección da información.
- Utilizar as tecnoloxías da comunicación e da información (TICS) de forma eficaz, comprensiva e ética.
- Fomentar o traballo en equipo, dentro dun marco de seguridade, con actividades relacionadas ca lectura e escrita.
- Organizar espazos e tempos para a lectura

- Potenciar a implicación de toda a comunidade educativa no fomento de hábitos lectores e mellora da competencia lectora como rutina diaria.
- Fomentar o uso da Biblioteca entre as familias e persoal non docente.
- Contribuír a un dos obxectivos curriculares: creación da biblioteca persoal; solicitando ás familias a compra dun exemplar dun libro en cada curso escolar.
- Potenciar os medios dixitais e o uso da Rede para formar lectores autónomos e con competencia dixital.

Organización de espazos e tempos para a lectura

O centro conta cun espazo para uso exclusivo da biblioteca escolar para Educación Infantil e Primaria. É unha sala moi luminosa e moi acolledora. Dentro hai habilitados diferentes espazos.

Durante o curso as aulas poderán empregar o espazo da biblioteca, para realizar préstamos e devolucións, tanto no recreo como nas horas semanais asignadas no recreo, como realizar traballos ou realizar actividades diversas dentro dos diferentes recunchos da biblioteca, supervisado sempre por un mestre/a para garantir as medidas de seguridade.

Cando o tempo o permite o profesorado programa saídas ao patio para realizar a lectura.

Cada día nas aulas, despois do recreo, teñen un tempo lector de 20 minutos, de 12:00 a 12:20 horas, tanto en Educación Infantil e Primaria por aula, de xeito que todo o colexio no mesmo tempo á vez participe de actividades relacionadas coa lectura.

Bibliotecas de aula

Dentro de cada aula existe unha biblioteca de aula con material de todo tipo a disposición dos nenos e nenas.

Neste curso de novo a Biblioteca Escolar oferta caixas para levar libros, elixidos polo profesorado, para o proxecto lector de centro tanto para as aulas de Primaria como Infantil.

Rutinas de lectura

As actividades que con maior seguridade facilitan o achegamento aos libros é a lectura de carácter sistemático e continuado, polo que o noso centro ten afianzado este proceso.

Nas rutinas diarias de lectura selecciónanse textos con temáticas diferentes e actividades orais e/ou escritas arredor da comprensión, coñecementos variados, intercambio de significados, vocabulario, opinións...

Aulas de Primaria

No tramo horario do proxecto lector de vinte minutos o profesorado trata de crear un ambiente cómodo, relaxado e silencioso, onde haberá un fondo atractivo de libros en cada clase, composto ademais por todo tipo de libros (aventuras, históricos, científicos...) e revistas. En moitas das aulas o alumnado trae da súa biblioteca particular os seus libros preferidos para ler neste momento lector.

Nas aulas cada día do proxecto lector realizarán modalidade diferente de lectura:

- Lectura libre individual: con libros da biblioteca de aula ou do centro, ou libros que traen da casa.
- Lectura compartida colectiva: con libros seleccionados polo profesorado de interese para o alumnado. Nestas lecturas se len libros dos itinerarios lectores ou dos lectores electrónicos.
- Lectura de poesía: Un minuto de poesía. En clases superiores de Primaria cada día un alumno/a prepara unha poesía para ler aos compañeiros/as de clase.
- Lectura oral de composicións escritas realizadas polo alumnado.
- Lecturas guiadas.
- Lecturas libre e de libros favoritos.
- Lectura oral por parte da mestra/e.
- Lecturas divertidas (chistes, adiviñas, trabalinguas...).
- Lecturas relacionados co deporte- entretemento...
- Lecturas misteriosas, de medo ou intriga.
- Lecturas de investigación sobre diferentes proxectos.
- Lecturas en castelán, galego e inglés.
- Lectura de teatro e dialogada.

En quinto e sexto de primaria realizan tamén a lectura en lectores electrónicos e de xornais.

Aulas de Infantil

Nesta etapa teñen todos os días a hora do conto, que coincide a maioría das veces co proxecto lector de Primaria, un momento do día no que os nenos/as escoitan un conto que pode ser da biblioteca de aula, da Biblioteca do centro ou da familia...

Horario da Biblioteca

Cada curso irá cada aula unha sesión semanal á biblioteca para realizar empréstitos e devolucións e varios días á semana no recreo.

Neste curso nos recreos de choiva o alumnado que queira poderá quedarse, tendo en conta o horario que teña asignado na biblioteca, para ler ou realizar actividades co material existente.

Na biblioteca encóntranse as recomendacións dos libros que máis lles gustan, de tal xeito que todos/as poidan ter lectura para os diferentes intereses do alumnado. Tamén se dirixe ao alumnado cara aos fondos que máis lle poidan axudar a desenvolver o hábito lector de centro ou que traían da casa.

Hábitos e itinerarios lectores

Ao longo do curso lévanse a cabo moitas actividades en torno a crear correctos hábitos lectores: Hora de Ler, Mochilas Viaxeiras, hoxe le..., , rotación de e-books, recitais de poesía, contos, obradoiros de escritura, semanas temáticas... que contribúen ao fomento do hábito lector e mellora da competencia lectora en actividades sistemáticas de lectura e de expresión escrita e oral.

As lecturas procederán, na maioría dos casos, dos fondos da BE para asegurar os mínimos esixibles de pertinencia e calidade contrastada. O alumnado, ao igual que o profesorado, poderá facer suxestións de compras que serán valoradas polo equipo. A nosa proposta é ofrecer, ensinar, dar a coñecer, favorecer, facilitar... para orientar e educar o gusto lector do alumnado. Serán os/as mestres/as tutores/as os encargados, nas sesións semanais de BE asignadas no seu horario de aula, de acompañar ao seu alumnado á BE para coñecer intereses, gustos, preferencias lectoras a través do empréstimo de exemplares, co que xa obterán información inmediata de que le cada alumno/a, podendo orientar os itinerarios persoais.

Diariamente desfrutarán da Hora de Ler a cargo de mestres/as.

Para cumprir un dos obxectivos curriculares: creación da biblioteca persoal, propónse ás familias do alumnado escolarizado en E. Primaria, en Nadal, a compra persoal dun título en lingua galega de calidade contrastada.

Os itinerarios lectores son aqueles textos que consideramos fundamentais para a formación lectora do alumnado ao longo de Infantil e Primaria, que facilitan actividades ao seu redor e que contribúen a desenvolver competencias lingüísticas para formar lectores autónomos e críticos. Están seleccionados en función da competencia lectora por niveis.

Valoramos os itinerarios dende dúas ópticas diferentes.

- Unha, son os itinerarios de aula. Títulos elixidos polos equipos de nivel para ler dentro da aula, estes xerarán múltiples actividades lectoras enfocadas tanto a lectura colectiva, en voz alta, silenciosa, comprensión, enriquecemento de vocabulario...

Así en todos os cursos o alumnado de cada nivel mercara un libro, acordado por nivel e por a comisión da biblioteca, para ler e realizar animación á lectura.

-Outra, son os itinerarios da biblioteca, que adquire para cada nivel aqueles títulos que son atractivos e interesante para traballar.

A continuación noméanse os títulos que se van ler e que atopan na biblioteca en número suficiente para o alumnado de primaria.

ITINERARIOS LECTORES EDUCACIÓN PRIMARIA

PRIMEIRO CURSO:

GALEGO: OS BOLECHAS EDUCAN A PEPIÑO CHISPA

SEGUNDO CURSO:

GALEGO: SABELA E AS ZOCAS MÁXICAS. PROXECTO TERRA

TERCEIRO CURSO:

GALEGO: "XELA VOLVEUSE VAMPIRA". FINA CASALDERREY. BAÍA

CUARTO CURSO:

GALEGO: "PALABRAS DE CAMELO" DE GONZALO MOURE. ED. XERAIS

QUINTO CURSO:

GALEGO: "ESCARLATINA, A COCIÑEIRA DEFUNTA" DE LEDICIA COSTAS.

XERAIS

CASTELÁN: "MANOLITO GAFOTAS" ELVIRA LINDO

SEXTO CURSO:

GALEGO: "CHARLIE E A FÁBRICA DE CHOCOLATE". ROALD DAHL. ED. XERAIS

CASTELÁN: "EL ASESINATO DE LA PROFESORA DE LENGUA" "EL ASESINATO DEL PROFESOR DE MATEMÁTICAS" DE JORDI SIERRA I FABRA. ED. ANAYA

Liñas de actuación prioritarias en relación co papel da Biblioteca escolar do centro.

A nosa Biblioteca está concibida como un espazo educativo ao servizo dos procesos de ensino e aprendizaxe, é un centro de recursos da información que pon a disposición da comunidade educativa os fondos documentais existentes no centro, en soporte impreso, audiovisual, multimedia ou electrónico.

Dentro do repertorio de lecturas escolares que debemos de ofrecer ao alumno/a, hai que sinalar tres:

📖 Os libros informativos (obras documentais, de referencia, de consulta, de revistas,...) fundamentais para complementar os contidos das áreas.

📖 As lecturas e libros recreativos, que posúen compoñentes literarios pero con finalidade informativa (libros-xogo, narracións biográficas, dramatizacións de obras literarias,..).

📖 Os libros de literatura infantil e xuvenil nos seus grandes xéneros: poesía, narrativa e teatro.

A estas categorías é imprescindible engadir unha cuarta: os recursos electrónicos. É evidente que o uso de internet xerou importantes cambios nos hábitos da escritura, lectura e acceso a información e ao coñecemento. Navegar pola rede é ler. O

desenvolvemento de internet leva indefectiblemente ao desenvolvemento e expansión da lectura e a escritura neste medio. Por iso, dende a biblioteca escolar levarase a cabo unha selección de recursos electrónicos educativos, obrigándose a unha actualización periódica.

A Biblioteca ten definida en diferentes espazos o material existente, segundo a CDU.

Na planificación de actividades temos en conta que teñan relación:

- Coa dinamización e promoción dos recursos da biblioteca, a súa integración no tratamento do currículo e a súa contribución ao desenvolvemento das competencias básicas do alumnado.
- Coa formación de usuarios/as e a adquisición da competencia informacional (competencia para o tratamento da información e competencia dixital).
- Co fomento da lectura e co desenvolvemento do proxecto lector de centro.
- Cos avances cara a unha biblioteca inclusiva.

Actividades programadas e temporalizadas

1º TRIMESTRE:

- ✓ Actividades de formación de usuarios/as no uso da biblioteca.
- ✓ Formación ao voluntariado colaborador na biblioteca.
- ✓ Preparación e envío das mochilas viaxeiras para as familias, unha ou dúas por cada clase de primaria.
- ✓ Ambientación da biblioteca polo Samaín. Escritura nas aulas de relatos de medo. Selección por aula de relatos de medo, para gravar posteriormente gravar na radio.
- ✓ Taller de técnicas, para os axudantes da biblioteca, na preparación da lectura de contos .
- ✓ Lecturas compartidas no día das bibliotecas escolares por parte dos axudantes da biblioteca.
- ✓ Organización do club de lectura de maiores e de 6ºA e 6ºB: datas, convocatoria, adquisición de libros...
- ✓ Charlas de sensibilización para o alumnado na conmemoración no día da discapacidade.
- ✓ Realización das recomendacións de libros por Nadal por niveis, para ler nas aulas e posteriormente propoñer a visita virtual do escritor/a, ilustrador/a ou de animación á lectura.
- ✓ Realización de exposicións temáticas proporcionando información relacionadas coas datas significativas do trimestre.
- ✓ Preparación, ensaio, gravación e maquetación de programas na Radio da Biblioteca Escolar.

- ✓ Actualización da biblioteca con novidades, dándoas a coñecer mediante expositores, blog...
- ✓ Dar publicidade do realizado en redes sociais e a bitácora da biblioteca.

2º TRIMESTRE:

- ✓ Realización de actividades día de Rosalía e 8 de Marzo; dando a coñecer material relacionado.
- ✓ Envío as familias dun díptico con material de interese existente na biblioteca.
- ✓ Organización do Club de lectura de maiores e de 6ºA e 6ºB.
- ✓ Actualización da biblioteca con novidades editoriais; dándoas a coñecer mediante expositores, blog...
- ✓ Dar publicidade do realizado en redes sociais e blog da biblioteca.
- ✓ Creacións de poemas e exposicións no día da poesía. Nas aulas trabállase este xénero literario o longo do curso a través das rutinas diarias “Un minuto de poesía”
- ✓ Preparación, ensaio, gravación e maquetación de programas na Radio da Biblioteca Escolar.

3º TRIMESTRE:

- ✓ Organización da visita ao centro dos escritores/as.
- ✓ Realización de talleres na biblioteca.
- ✓ Programación do club de lectura de maiores e visita da escritora.
- ✓ Actualización da biblioteca con novidades editoriais; dándoas a coñecer mediante expositores, blog...
- ✓ Dar publicidade do realizado en redes sociais e blog da biblioteca.
- ✓ Actividades en torno ao día do Libro: apadriñamento lector no patio.
- ✓ Exposición de libros na semana das letras Galegas.
- ✓ Preparación, ensaio, gravacións e maquetación de programas na Radio da Biblioteca Escolar.
- ✓ Guía de lecturas de verán.

Recursos e materiais

Recursos humanos

Como recursos persoais podemos mencionar:

- O alumnado, principal axente que executa e recibe o acto lector e protagonista de todas as propostas. Os/as que, como contacontos e/ou dramatizando textos, achegan os libros aos demais compañeiros e compañeiras. Os alumnos e alumnas voluntarios

que conforman o equipo de colaboradores da BE en actividades de empréstito directo, baixa de exemplares expurgados, organización de recursos, orde e colocación de coleccións...

-As familias, que teñen un importante papel na motivación, no desenvolvemento e na consolidación de hábitos lectores e que de forma progresiva se van incorporando e animando a colaborar nas actividades de lectura, en contadores de contos, Mochilas Viaxeiras...

- O profesorado e os diferentes equipos que proporcionan as estratexias necesarias para a adquisición das competencias lingüísticas, para aprender a aprender, motivación para a lectura e a escritura e propostas de actividades varias. Ademais colabora e participa como axente dinamizador do PDI anual e das diferentes propostas que se fan ao longo do curso.

- Equipo de Biblioteca, formado por profesorado de diferentes niveis, coordinado por unha persoa responsable da BE, intentando xestionar e dinamizar eficazmente os fondos existentes e dalos a coñecer á comunidade educativa. Para paliar no posible a redución cada vez máis drástica do cadro de persoal docente os diferentes equipos unen forzas, de maneira que Biblioteca, EDL e TiC traballan xuntos.

Recursos materiais

Entre os recursos materiais están:

- A biblioteca de aula.
- A biblioteca escolar cos fondos bibliográficos, multimedia, audiovisuais, materiais manipulables...
- As bibliotecas exteriores cas que realizamos empréstito inter-bibliotecario.
- Os ordenadores de mesa e portátiles, tabletas e o acceso a internet.
- Mapas, globos terráqueos interactivos...
- Xogos educativos.
- Material Montessori.
- Parede de Lego.
- Pantallas interactivas.
- As mochilas viaxeiras.
- As caixas da Hora de Ler
- Os libros electrónicos.
- Impresora 3-D.
- Escornabots.
- Radio Escolar.
- As nosas bitácoras.

Existen variedade de libros nas bibliotecas da aula e na do centro; materiais audiovisuais; materiais TIC; láminas ilustrativas, marionetas, soportes de textos cotiáns (xornais, carteis, etiquetas, folletos...); material funxible para as actividades. Ordenadores para a busca de información, tabletas e pantallas para visualizar. A biblioteca conta con moito e variado material manipulable relacionado ca ciencia, matemática, sociais, naturais, música, construción, creatividade...

A biblioteca do centro ao estar dentro do PLAMBE ten unha dotación económica que repercute nun maior número de materiais.

Implicación das familias

O profesorado realiza nas reunións concienciación nas familias sobre a importancia da lectura diaria na casa.

Os libros de préstamo que levan da biblioteca pode ser para o alumnado como para as familias, estas poden solicitar libros a través do correo electrónico ou mediante unha nota dos seus fillos/as. Para as familias realízase un díptico, que se envía ás casas, co títulos de libros que existen na biblioteca de interese para elas. Tamén realízanse publicacións de material tanto no blog como nas redes sociais.

Seguimos un curso máis co proxecto de “mochilas viaxeiras”, co que os nenos/as comparten ao longo dunha quincena o contido de ditas mochilas coa súa familia.

Para facilitar e fomentar un pouco máis a lectura, este curso imos de novo realizar o club de lectura entre as familias por trimestre, con libros electrónicos ou en papel.

En infantil e no 1º ciclo de primaria levaremos a cabo o proxecto “As familias contan” onde teremos a visita das familias ao centro para compartir momentos de lectura.

Avaliación

A avaliación cualitativa do noso Plan Anual Lector ten que propiciar que tódolos sectores implicados manifesten as súas opinións, valoracións; que se realizarán a través de: enquisas, entrevistas, encontros, reunións...

Tamén hai que realizar unha auto-avaliación nas reunións do equipo de biblioteca que favorezan a avaliación e a reflexións para seguir mellorando. Recolleremos esta auto-avaliación para que a información non se perda e poida ser consultada e utilizada cando sexa necesaria.

Ao longo do curso o profesorado e o equipo de apoio á biblioteca reuniremonos para seguir o perfecto desenvolvemento do Plan Anual Lector; recolleremos as opinións e resultados para analizar e extraer conclusións.

24. EQUIPOS DE DINAMIZACIÓN

24.1. EQUIPO DE DINAMIZACIÓN DA LINGUA GALEGA

(ver ADDENDA DO PROXECTO LINGÜÍSTICO para funciones e liñas de actuación)

Compoñentes:

- Maruxa Martínez Pérez (coordinadora)
- María Carmen Rojo Estévez (titora 6º EP)
- Verónica Pampillón Seijo (psicomotricidade Infantil)
- Nair Freiría Alonso (titora 5º EI)
- Patricia Amelia Amigo Quintana (titora de 2º A)

24.2. EQUIPO TICS

Membros:

- Marta López Domínguez (coordinadora)
- Ángela María Barbosa Díaz* (AL)
Carlos Cardama García *(sustituto)
- Eva Molina Parada *(titora 2º B)
Marta Molina Ferradás *(sustituta)
- Elena Ester de Caso Rey (titora 5º EP)
- Aida Rodríguez Val * (AL)
María Castro Díaz *(substituta)

Funcións do equipo:

- Mantemento dos equipamentos informáticos do centro.
- Potenciar o uso das novas tecnoloxías no centro.
- Favorecer a actualización dos coñecementos do profesorado.
- Continuación co PFPP (Plan de formación permanente do profesorado) en novas tecnoloxías.
- Formación nas seguintes aplicacións: abalar, aula virtual, cisco webex, redes sociais.

- Promover ferramentas dixitais que faciliten o proceso de ensinanza-aprendizaxe.
- Mantemento da páxina web do centro.
- Promover a participación en proxectos vinculados ás novas tecnoloxías (E-DIXGAL ou outros)
- Formación ao profesorado no emprego da páxina web do centro.

Funcións do coordinador/a:

- Dinamizar a utilización dos recursos informáticos do centro.
- Tramitar os partes de incidencias de TIC.
- Distribuír o traballo entre os membros da comisión.
- Elaborar a memoria anual.
- Formar ao profesorado en novas tecnoloxías.

Obxectivos do equipo:

- Velar polo cumprimento das normas do uso e emprego dos equipamentos informáticos.
- Fomentar e dinamizar o uso da páxina web do colexio e a comunicación coas familias a través do abalar.
- Fomentar o emprego da aula virtual para a docencia.
- Fomento do uso dos medios informáticos e audiovisuais por parte do profesorado e alumnado.
- Posta a punto de todos os equipos informáticos do centro.
- Actualizar a páxina Web e a aula virtual.
- Colaborar no desenvolvemento do Plan Dixital do centro.

Liñas de actuación:

- Renovar equipos e recursos informáticos que estean obsoletos ou deteriorados.
- Actualizar a páxina web do centro e outras redes sociais.
- Adquirir ou repoñer pizarras dixitais para as aulas que o precisen.
- Na sesión semanal, que ten cada curso na aula de informática, ter

unha persoa de apoio.

- Acondicionar a aula de informática (mesas axeitadas, decoración, normas...)
- Actualizar o inventario do material informático do centro, asociado á ubicación da aula.
- Iniciar o emprego da aula virtual en todos os cursos e continuar con 4º, 5º e 6º de Primaria.
- Coñecemento de novas aplicacións educativas a través do plan de formación en novas tecnoloxías.

24.3. EQUIPO DE BIBLIOTECA

Membros:

- Elisabet Gago Expósito (Coordinadora)
- Teresa Vázquez Represas (P.T.)
- Elena Justo Romero (titora 1º B)
- Elisa Fernández Guisande (titora 1º A)
- Isabel Domínguez Carrera (PT)

Funcións do equipo:

- Apoiar á responsable da biblioteca na organización e dinamización da comisión.
- Recopilar informacións, materiais e recursos necesarios para facilitar aos usuarios/as da biblioteca escolar un correcto funcionamento do servizo.
- Cooperar no deseño, organización e posta en marcha de actividades de dinamización tanto no que se refire a biblioteca, radio, impresora 3-D, escornabots...
- Establecer criterios para a adquisición de fondos da biblioteca.
- Propoñer e recoller propostas e suxestións co fin de mellorar as intervencións e colaborar ao desenvolvemento da competencia lectora, o hábito lector, habilidades de traballo intelectual, adquisición da competencia informacional...

- Definir os criterios para o préstamo-devolucións, orden nos andeis e mobles tanto de material bibliográfico como manipulable, atender ao servizo...

Funcións da coordinadora:

- Elaborar o proxecto anual de biblioteca escolar atendendo ao Proxecto Educativo e aos diversos proxectos anuais do centro.
- Constituir a comisión da biblioteca, coordinar e dinamizar as reunións.
- Manter relación con outras bibliotecas e outras entidades.
- Informar das actividades da biblioteca e integrar suxestións.
- Difundir os fondos existentes e as súas posibilidades de consulta entre toda a comunidade escolar.
- Planificar actividades que contribúan ao desenvolvemento das competencias básicas do alumnado.
- Asesorar ao profesorado en técnicas de animación á lectura, estratexias de dinamización, formación de usuarios e traballo documental, seleccionando e elaborando materiais, xunto co resto do profesorado, para a formación do alumnado nestes aspectos e a dinamización cultural do centro.
- Organizar horarios tanto da biblioteca como do espazo da radio.
- Coordinar xunto cas coordinadoras doutras comisións da escola no desenvolvemento de proxectos ou actividades.

Organización e xestión:

1. Elaborar horarios para:

- ✓ Uso da biblioteca por titorías.
- ✓ Formación de profesorado, alumnado e voluntariado da biblioteca.
- ✓ Visitas á biblioteca: escritores/as, ilustradores/as, familias...
- ✓ Quendas de recreo para o alumnado voluntario.
- ✓ Utilización do espazo da radio.
- ✓ Lecturas compartidas do voluntariado polas aulas.

2. Continuar KOHA para catalogación, xestión e préstamo de fondos e na catalogación dos libros que están nas aulas. Seguir co expurgo dos fondos existentes e doar eses fondos.
3. Dotar a nosa biblioteca con máis materiais necesarios para que o alumnado teña acceso a unha ampla variedade de recursos e servizos relacionados coa información, o aprendizaxe e o lecer.
4. Intentar avanzar na formación de usuarios/as tanto no uso da biblioteca como no ámbito da procura e tratamento da información, así como no emprego da radio escolar.
5. Continuar a colaborar cas bibliotecas públicas no intercambio de libros.
6. Seguir a xestionar os libros electrónicos, mantemento e elaborando horario de uso por niveis, dando prioridade aos cursos superiores.
7. Dinamizar con actividades, suxestións, materiais o espazo creativo da biblioteca e a radio escolar.

Dinamización e promoción dos recursos da biblioteca:

- Continuar coa labor de seguir informando en todo momento ao profesorado do centro mediante as reunións dos martes pola tarde ou con mensaxes de texto.
- Difundir as actividades e novidades desenvolvidas pola biblioteca mediante blog, redes sociais, notas informativas, publicidade no centro. Ademais dar a coñecer de novo a dirección de internet do catálogo de Koha do noso centro (<https://ceippenafrancia.edubib.xunta.gal/>) .
- Informar ás familias dos recursos e de todo o relativo á Biblioteca; nas diferentes xornadas de portas abertas, notas, blog, redes sociais...
- Proseguir cas exposicións de diferente material na biblioteca e en datas sinaladas de importancia.
- Promover o uso da biblioteca con charlas, suxestión de actividades...
- Renovar o material das Mochilas Viaxeiras para que esperten máis interese. Nos cursos con numeroso alumnado realizar dúas mochilas por aula.
- Elaborar e promocionar guías de lectura elaboradas pola biblioteca, tanto en formato virtual ou en papel.

Fomento da lectura e desenvolvemento do Proxecto Lector de Centro:

- Fomentar actividades relacionadas co mundo da lectura e a dinamización da biblioteca escolar: encontros con autores/as, contacontos, teatro,... así como exposicións temáticas relacionadas coas datas máis significativas do mundo da lectura e de personalidades de importancia na formación do alumnado.
- Continuar coa experiencia das lecturas compartidas por parte dos bibliotecarios/as no Día das Bibliotecas Escolares, Día das discapacidade e outras datas.
- Continuar cos clubs de lectura para o alumnado de 6º e club adultos/as.
- Ofertar actividades e material para o proxecto lector.
- Implicar ás familias en actividades de cooperación no centro.
- Enviar ao inicio de curso, por Abalar, o enlace do blog da biblioteca e o de Koha, tamén o das redes sociais, para que poidan coñecer o material existente e as actividades que se realicen.
- Fomentar o uso dos libros dos itinerarios lectores na hora de ler.
- Colocar unha corticeira para que o alumnado e adultos coloquen as súas suxestións lectoras.
- Lograr aglutinar a radio escolar como medio para fomentar a lectura, a expresión escrita e oral.
- Organizar algún tipo de taller en torno á ilustración, banda deseñada, ciencia...
- Aumentar fondos informativos, documentais, manuais, revistas, dicionarios actualizados, libros de consulta temáticos... segundo á temática do proxecto de centro, proxectos das aulas e as distintas necesidades de documentación que poidan xurdir nos distintos ciclos ou aulas.

Criterios e procedementos de avaliación:

Os criterios para a avaliación da nosa Biblioteca terán en conta os seguintes aspectos:

- Avaliar o grao de cumprimento dos obxectivos propostos e analizar as actuacións desenvolvidas para a consecución de ditos

obxectivos.

- Comprobar o estado de tratamento dos fondos e o nivel de empréstitos.
- Avaliar a formación dos usuarios/as tanto de alumnado como de profesorado.
- Funcionamento do Equipo de Biblioteca.
- Valoración da orde nos diferentes espazos, coñecemento e situación do material e uso axeitado.
- Fondos e recursos, xestión e difusión e o uso axeitado dos mesmos.
- Nivel de participación das familias e das diferentes aulas do centro.
- Emprego do blog da biblioteca.
- Valoración das actividades realizadas.
- Valoración do PAL.
- Valoración das mochilas viaxeiras.

Analizarase os niveis de logro acadados de acordo a uns indicadores de logro. Valóranse diferentes aspectos: o número de préstamos, preferencias, asistencia, participación, variedade de estratexias e actividades... Neste apartado, observarase a evolución con respecto a cursos anteriores, como o estamos facendo e os niveis de logro acadados de acordo a uns indicadores (deficiente, limitado, bo, excelente).

Moita desta información recópilase a través de enquisas entre a comunidade educativa e con elas tamén poderemos saber se as actividades planificadas foron axeitadas e os medios usados suficientes.

Toda esta avaliación quedara reflexada nun documento.

24.4. EQUIPO DE ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS E EXTRAESCOLARES

(Extraído do DECRETO 374/1996)

Membros:

- Ana M^a Riveira Rolle (coordinadora)
- Paula Estraviz Martínez (titora 4^oA E. Infantil)
- Lucía Ojea Couñago (titora 6^o A E. Infantil)
- Melisa Riveiro González (Educación Física)
- Dolores Rosende Verdeal (titora 5^o A E. Infantil)

Funcións do equipo:

- O equipo de actividades complementarias e extraescolares encargárase de promover, organizar e facilitar este tipo de actividades.
- Este equipo estará integrado polo xefe da mesma e, para cada actividade concreta, polos profesores que participan na mesma.

Funcións da coordinadora:

- Elaborar o programa anual das actividades para que se teñen en conta as propostas dos equipos de ciclo, dos profesores e das nais e pais e das orientación do claustro e comisión de coordinación pedagóxica.
- Programar cada unha das actividades especificando obxectivos e forma de participación do alumnado.
- Proporcionar ao alumnado e ás nais e pais información relativa ás actividades do equipo.
- Promover e coordinar as actividades culturais e deportivas en colaboración co claustro, a comisión de coordinación pedagóxica, os equipos de ciclo e a asociación de pais e nais.
- Elaborar unha memoria final de curso ca avaliación das actividades realizadas que se incluírá na memoria de centro.
- Convocar e presidir as reunión do equipo e levantar actas das reunións.

Liñas de actuación e proposta de actividades:

Dende o equipo de ACE tentarase realizar principalmente as seguintes actividades relacionadas con ditas conmemoracións:

-Festa do Magosto (Primeiro trimestre): castañas e xogos para todo o alumnado do centro.

-Festa do Entroido (Segundo trimestre).

-Festa de fin de curso (Terceiro trimestre).

Alén diso, o centro realizará un Proxecto de centro relacionado cos catro elementos (aire, luz, terra e auga) e dende este equipo relacionarase, dentro do posible, dito fío conductor cas actividades anteriormente mencionadas.

Tamén se colaborará, no caso que sexa posible, cas actividades dentro do Proxecto de vida activa e deportiva (PVAD), actividades complementarias en horario lectivo, deportivas que propoña a xefatura provincial de deportes, intercentros, multideporte, etc.

24.5. EQUIPO DE CONVIVENCIA

A **convivencia** é fundamental para comprender a sociedade na que vivimos e poder así integrarnos nela eficazmente, destapando a virtude do equipo como peza clave para a consecución dos fins propostos. Deste modo, o Equipo de Convivencia do **CEIP Pena de Francia** desenvolverá este curso académico 2023/24 actividades e proxectos encamiñados á mellora das relacións sociais de toda a nosa comunidade educativa, tendendo lazos de unión e entendemento e favorecendo un clima positivo nas aulas e no centro.

O **Equipo de Convivencia 2023/24** queda constituído polos seguintes docentes:

- **Lucía Álvarez González (Inglés)**
- **Carlota Couso Vidal (titora 4º E.P.)**
- **Marina Crespo García (Orientadora)**
- **María de los Ángeles González Lemos (Inglés)**
- **Cesáreo Martín González Regueiro, coordinador e responsable do equipo.**

Este equipo, que defende a relevancia da convivencia para o bo funcionamento do centro a curto, medio e longo prazo, desenvolverase tendo en conta a consecución dos obxectivos establecidos no **Plan de Convivencia** do centro. Estes propósitos poñeranse en práctica a partir deste curso académico 2023/24 a través das seguintes actividades e propostas educativas:

- **Patios Dinámicos.** Dinámicas para fomentar un uso do patio equitativo, inclusivo e sostible, deseñando ambientes lúdicos que favorezan a convivencia e a prevención de conflitos, facendo accesible o xogo á diversidade do alumnado e destacando a coeducación, os dereitos aos espazos de xogo das nenas e dos nenos e a aceptación das novas masculinidades.

- **Equipo de árbitros.** Proxecto para garantir a formación e a participación do alumnado na dinamización dos xogos establecidos nos Patios Dinámicos, coñecendo as súas regras para motivar un clima de convivencia axeitado.

- **Equipo de Mediación.** Proxecto para garantir a formación e participación do alumnado en materia de convivencia, co obxectivo de mediar nos conflitos non físicos que poidan acontecer nos tempos de ocio.

- **Cooperamos.** Establecemento de técnicas e propostas mensuais adicadas a favorecer o traballo cooperativo dentro das aulas, coa finalidade de potenciar o traballo en equipo e a unión de forzas para acadar obxectivos comúns.

- **Emocionarte.** Establecemento de actividades mensuais adicadas ao traballo nas aulas dunha emoción concreta, coa finalidade de que o alumnado coñeza, comprenda e traballe as distintas emocións para recoñecelas, tanto en si mesmos coma nos demais.

- **Escola de familias.** Proxecto adicado á formación das familias mediante charlas periódicas sobre temáticas interesantes e de actualidade que fomenten a súa participación activa como membros plenos da comunidade educativa.